

# ANOSA GERBA

Año XXXVI — Núm. 491

Reparto Nacional de la Propiedad Intelectual N° 376.979



FRANQUEO PAGADO  
Concesión 2032  
TARIFA REDUCIDA  
Concesión 2727

Bos Aires, Novembro de 1954

## Os Galegos de Bos Aires Denuncian Diante da UNESCO a Persecución do seu Idioma Nacional Pol-o Estado Hespañol

Na veciña cidade de Montevideo ven celebrándose a Asamblea da UNESCO, a organización das NACIONES XUNGUIDAS, creada para defender a cultura universal i estudar os distintos problemas culturais do mundo. Diante este feito, a colectividade galega de Bos Aires, que tantas mostras ven dando do seu patriotismo e da súa preocupación polos problemas de Galiza, fixo chegar á devandita Organización varíe protesta, denunciando a persecución desatada polo Estado Hespañol contra o idioma galego, cada dia más encerrada e rastreira, no seu desejo criminal de anular o vehículo máis exbre de expresión da nosa personalidade diferenciada.

O Centro Galego de Bos Aires, en nome dos seus 100.000 asociados, e o Centro Luicense fixeron che-

gar individualmente as súas respetivas denuncias no senso expresado. A Irmandade Galega, xunto cos Centros de Betanzos, Corcubión, Coruña, Ourense e Pontevedra, entidades todas de tan alta e frutífera acción a prol dos problemas que afectan o rexurdir galego, fixeron chegar un documentado informe encol da persecución do noso idioma, redactado en galego, francés e inglés, que foi remitido aos congresistas da UNESCO para a súa consideración. Pol-a súa importancia e transcendencia, xa que coloca o problema da persecución do noso idioma no máis outo plan internacional e diante do máis calificado organismo cultural do mundo, deixamos transcribir enteiro o devandito informe.

O presente informe está determinado por unha fe e tamén por un desejo: a fe en que UNESCO é o único órgao sensible aos problemas vivos da cultura universal; eo desejo que os componentes da UNESCO teñan coñecimento d'un grande problema cultural que afecta a máis de catro millóns de galegos.

Esa fe e ese desejo moven, aos centos de milleiros de galegos que vivimos como emigrados no Continente Americano, a dirixirse aos membros persoais da UNESCO pra denunciare, perante a súa concencia e perante a súa sensibilidade de homes representativos dos puros valores da Cultura, un feito enxeitábele que, desde fai 18 anos i en preo Occidente de Europa, fire crudelmente nosos sentimentos entranábeles de povo.

O Estado Hespañol ven exercendo desde 1936 unha teimosa aición prohibidiva encol do cultivo das linguas rexionais forneidas de tradición cultural enxebre. A lingua galega e mesmo catalán, donas unha e náis a outra de abondosa e nobilísima tradición literaria, cuyos orixens remóntanse aos tempos mesmos da formación das culturas romances, son ouxeto de asaíandas prohibicións por parte dos organismos estatais que reitoran a vida cultural do país.

Pra crarexar e fixar o verdadeiro acadamento d-ista altividade prohibidiva, d-iste procedemento anticultural do Estado Hespañol, queremos documentala con algúns feitos indestructíbeis escoileitos a ochou. Non embargantes, sinalaremos coma argumentazón límiar, tres características de tipo xeral respecto ao funcionamento d-ista aición negativa e que podemos concretar así:

a) En primeiro lugar, o carácter ausoluto do control que o Estado exerce encol da vida cultural. Non pode publicarse nen, ausolutamente nen, que non sexa previamente examinado e autorizado pola censura estatal. Nin un libro de versos, nin de arte, nin de filosofía, nin de economía, nin unha novela, nin un libro de contos, —anque se trate de contos infantiles—, pode publicarse sen ser enviado

previamente o orixinal á censura (por duplado), pra que ista autorice ou denegue a súa publicación.

b) En segundo lugare, o carácter totalitario da censura. Nin o autore nin o imprentador d-un libro teñen regas ouxetivas a que aterse. A decisión do censor réxese escrusivamente pol-o seu avaliamento persoal ou por consiñas internas da censura, ás cales o autor e máis o imprentador son alleos.

c) En terceiro lugare, o carácter gubernativo e non legal das prohibicións. Moitas das prohibicións non constan en ningunha lei escrita e promulgada. Son simpres ordes da Autoridade gubernativa. Mais, dado o carácter ditatorial do actual Estado Hespañol, as ordes gubernativas teñen naquél país talda-forza executiva e coercitiva d-unha lei, coa desventaxa pra o cidadán de que son pra él inapelables. A lei escrita establece obrigas, mais á ves garante direitos. A "orde gubernativa" establece somente obrigas sin derecho nin garantías. Isto quiere decir que a restaura na Hespaña, os problemas da vida cultural rexense co mesmo sentido "gubernativo", —é decir, puramente autoritario— que se rexen os problemas de orde público.

Istas tres características xeares do funcionamento da censura estatal, exércense con tudo o seu poder negativo encol do desenrollo cultural dan linguas rexionais. Unhos cantos datos concretos abondarán pra facelo evidente.

I) A prohibición da publicarse revistas ou xornais culturais ou informativos nas linguas catalán, galega e vasca. Non hai ningunha lei que o prohiba por escrito, mais o organismo estatal correspondente, niste intre a Dirección Xeral da Prensa, non-os autoriza, e súa denegazón e inapelábele.

En data recente, o poeta catalán Carlos Riba xestionou do Ministerio de Información e Turismo, señor Arias Salgado, autorización pra publicare unha revista cultural en catalán Apoiba o pedido unha xerarquia do Estado, o Director Xeral de Insinanza Universitaria señor Pérez Villanueva. O ministro declarou qu'il non tiña

"facultades" pra autorizare a publicación d-unha revista cultural escrita en catalán e que "tan scio podía prometere que trasladaría o prego ao Consello de Ministros", sen que hasta a data de oxe haxa outido resultado algúns na dita xestión.

II) A prohibición de publicare revistas ou xornais en lingua galega ou catalán, engadiuse a de publicarse artigos ou notizas nas linguas ditas. Os xornais de Galiza, anque escritos en castelán, publicaban ás vegadas colaboracións en galego. O actual Director Xeral da Prensa enviou unha circular a todos os directores dos xornais de Galiza, prohibíndollos terminantemente o uso da lingua galega. O mesmo fixo, naturalmente, os xornais cataláns.

Ista cega rigoridade restrixtiva da lugare a avinzamentos tan árdegos como a seguinte: o dia 25 de Xullo, festa do Apóstolo Santo Yago, é o dia no que todos os galegos do mundo conmemoran coma o grandeiro "Día de Galiza". Niste mesmo ano 54, mentras os tres millóns de galegos que viven na propia Galiza non poideron ler nin unha soia liña escrita no seu idioma galego non xornais do país, nós, os que vivimos na Argentina, no Uruguai, no México, na Venezuela, no Brasil nos EE. UU., etc., é decir, os que vivimos en países alleos, tivemos o sabor eo contentamento de ler xornais, revistas, escoitar conferencias e emisións radiaes na nosa enxebreira e groriosa fala. E non soio eu: publicacións ou aitos organizados polas colectividades galegas, senón que en xornais arxentinos poímos ler artigos escritos en galego e dedicados á celebración da meirande Festa dos galegos. O direito a usar nosa lingua, que na Galiza se nos nega polo Estado Hespañol, reconócesenos espontaneamente no estranxeiro.

III) A prohibición de empregar a lingua galega nas conferencias ou aitos culturais. Na Galiza, existe desde 1905 a "Real Academia Gallega", cuia misión oficial é, mesmamente vixiar pola enxebreira idiomática da nosa lingua. O dia 30 de Nadal de 1951 celebrouse no Teatro de Vigo a xuntanza do académico señor Gómez Ro-

mán. De acordo co Regramento, o discurso de ingreso ea resposta que a Academia lle recomendara ó señor Otero Pedrayo, debían ser lidos no aito da recepción. Agora ben, comditos discursos foran escritos na lingua galega, eo gobernador civil de Pontevedra prohibiu terminantemente o uso de dita lingua, víronse obrigados

amos académicos a evitar o Regramento e pronunciare senlos discursos improvisados en castelán. Un gobernador civil prohibíbel á "Real Academia Gallega" que utilice unha lingua pra cuio cultivo i estudio foi fundada fai xa 50 anos.

IV) A prohibición de publicare traducións de linguas mo-

(Continúa na pág. 2)

## A Persecución do Noso Idioma

Cunha saña coma nunca se veu, ainda nos tempos de máis feroz persecución á nosa Terra, pola parte dos gobernos centristas, prosegue Franco a doma dos galegos, escomenzada polos Reis Católicos, tratando de impedir toda expresión no noso propio idioma. Egual que cando os fa'anxistas asesiñaban a familias enteras, para eisitar par de raiz o ideal de liberdade, así agora os sicarios do Caudillo, que se sinten fortes pola monstruosa alianza co xigante americano, queren matar o amor a independencia dos galegos, prohibíndolles usar o seu idioma.

Tentativa inútil! Dende a morte de Pardo de Cela, a meados do século XV, até o renacemento da nosa lingua, no derradeiro tercio do século XIX, trascorrión máis de catro séculos, e, non embargantes, a pesares da escuridade en que viveu o noso idioma perante esa longa noite, él surdeu coa forza puxante que lle deron Rosa Ia, Curros, Pondal e tantos outros, hasta calar na prosa cabal de Otero Pedrayo e Castelao, que pechan o ciclo do renacer da lingua que doumostras da súa valía nos belidos Cancioneiros da Idade Meia e nas sentidas canticas do Rei Sabio.

Probes monecos que pretenden destruir a tradición, as características dun povo, forxadas ao traverso de centurias e plasmatas nun xeito de dicir, que non pode someterse a vontade de ningún ditador!

Perden o tempo eses miserábeis testafersos do home que debeu ficar pendurado nas forcas de Nuremberg. Endexamás conseguirán que o espírito do noso povo sexa abatido para sempre. Poderá podescer dun desmaio temporal; pero él rexurdirá en calquier momento, cando as circunstancias propicias lle den azas para voar. Entón, pese a todalas persecucións, volverá de novo a locir e eisplotará coa forza dun volcán que permañeceu longo tempo apagado, mais acumulando o fogo que lanzará nun abrete de gloria.

Mentras tanto, os galegos que por ventura nos atopamos fora da cárcere da nosa Terra, debemos facer a laboura que os nosos irmáns non poden levar a cabo nelas; por todos os medios temos a obriga de traballar pola conservación e o progreso do instrumento máis importante para a defensa e consecución dos nosos ideaes: o noso idioma. Falando en galego, escribindo en galego e editando en galego todalas obras que se poidan, propias e estranhas, é como lograremos contrarrestar a campaña que contra Galiza reaizan os traidores falanxistas, que venderon a nación que pretenden engrandecer por un puñado de dólares.

Pero, ademáis, debemos programar ante o mundo enteiro estos feitos bochornosos, para desenmascarar aos que, tiduán-dose defensores da democracia suma, non vacilan en paitar os verdugos dos povos hispánicos e simpatizantes dos regimes nazi-fascistas desparecidos de Alemania e Italia.

Por eso os galegos de Bos Aires, en representación dos galegos da Patria e dos galegos espalados por todo o mundo, enviaron ao comité da UNESCO o documento que nesta mesma páxina insertamos, para denunciar o crime que contra o noso povo se comete, co silencio vergonoso das democracias, que deste xeito reproducen o malfadado Comité de Non Intervención, que permitiu intervir na nosa loita civil precisamente a quienes non se lles debía haber permitido.

Craro está que nós nada esperamos de tal comité. Filo da UN, tan desacreditada xa, pero queremos deixar constancia do feito bochornoso da como se deixa inmolcar a un novo indefenso, nun entorno en que doutras na vorbas grandillemente de amor á liberdade e condenación a toda era de tiranía. Nada máis.

# DOCUMENTO A UNESCO

(Ven da pax. 1)  
dernas ao catalán, galego ou  
vasco. As obras de Dickens,  
de Balzac, de Tolstoy, de Faulkner,  
de Mauriac ou de ca-  
quer outro novelista universal  
non poden sere publicados na  
lingua galega; o mesmo o-  
curre cos versos de Shelley, de  
Verlaine, de Rilke, ou coas  
obras filosóficas de Bergson,  
de Husserl, de Heidegger, de  
Bertrand Russel e todolos de  
mais filósofos modernos ou  
contemporáns.

Nisto a prohibición da cen-  
sura opera d'un xeito automá-  
tico. A unha lingua coma a ga-  
lega, que na prea Idade Meia  
recadou pra cultura europea  
unha das meirandes creacións  
líricas da cultura ouccidental  
négasselle o direito a entrarre  
en contacto coas creacións mo-  
dernas d'isa mesma cultura.

Un xoven imprentador de Pou-  
tevedra, Sabino Torres, crendo  
que a súa condición de falanxis-  
ta e as súas eiseentes relacions  
 persoaes con diversas xerarqas  
 do Estado lle permitfan a nu-  
briación dunha curta anécloxia da  
 poesía alema traducida ao galego  
(con algúns versos de Hölderlin,  
Heine, Dehmel, Rilke, Miegel: e  
Welfeld) dispuxose a imprentala  
en 1951. De súneto, a censura  
ordeou que fose intervista a edi-  
tor no mesmo prelo i encomen-  
rou un eispedente de responsabi-  
lidades contra o imprentador.

V) A prohibición tallante aos  
escolantes pra utilizarre a lin-  
gua galega. Decábrárse todos da  
monstruosidade pedagóxica d'ista  
prohibición con soio ter en con-  
ta que o 70 % da poveación es-  
colar galega é ausolutamente ru-  
ral, é decir, está formada por  
menos que acoden á escola sen fa-  
sar nin conecer outra lingua que  
a galega.

V) Idéntica prohibición que a  
devandita, cotalle aos eregos de  
utilizar a lingua galega nos ser-  
móns, apesares da obriga canó-  
nica de predicar o Evangelio na  
lingua dos feles. Namentres estu-  
dan a carreira e permanecen n-  
ternos no Seminario prohibese-  
llles ineruso que o falen entre si  
nas conversas privadas.

VII) A todas istas prohi-  
bições hai que engadir o feito de  
que en nineñ dos centros de  
insino de Galiza, incluída a Uni-  
versidade de Sant Iago de Com-  
postela, ensínase a lingua ea lite-  
ratura galega.

Tamén é necesario facer so-  
bresair que o Seminario de Estu-  
dos Galegos, entidada eu' cultural  
que se fundou en 1923 e que veu  
desenrolando unha esgrevia la-  
boura investigadora e divulgadora  
dos probremas fundamentaes  
da vida e da historia de Galiza,  
coa que deu grandeiro polo e bari-  
sona a lingua galega, foi eraus-  
trado autoritariamente en 1936.  
Cando anos más algúns profesores  
eistranxeiros, como o antro-  
pólogo portugués Santos Junior,  
pescudaron ao Ministro señor  
Ibáñez Martín polo Seminario de  
Estudos Galegos louvando á ves a

lumiosa laboura que desenrolaba,  
o Finistro decideu creare un or-  
ganismo substitutivo do antigo Se-  
minario. Prailo acadou o aseso-  
ramento do señor Sánchez Cantón.  
Antre os dous decidiron  
creare un "Instituto P. Sarmien-  
to de Estudios Gallegos", que  
funciona dende 1944. A "Jefatura"  
d'iste Instituto lle foi eu-  
comendada ao señor Sánchez  
Cantón, galego de nacemento,  
cuia servidumbre moral levólle  
a aceptare o aldraxante impedi-  
mento de utilizarre a lingua ga-  
lega xamais sufreu perante oito  
séculos de súa eisistencia literaria  
o grao de abouramento que ai-  
ntañamente padese. Isto sucede  
cando xa no mundo eisiste e fun-  
ciona a UNESCO. Mais nosou-  
tros non queremos que soceda sen  
que o coñeza a UNESCO. Afir-  
zamos que refugará a compri-  
dade moral do silenzio diante de  
feitos que tan brutalmente con-  
trallan seus propios fins e ideas.

Un derradeiro dato queremos  
engadir pra aquiles que teñan o  
xeito mental de medir a impor-  
tanza dos probremas culturais  
polas cifras estadísticas: a po-  
voación de Galiza, de Cataluña e  
do País Vascu suma máis de  
8.500.000 habitantes. Isto quiere  
decir, que a terceira parte da  
povoación total hespanola pade-  
ce a xenreira idiomática do Esta-  
do. A terceira parte dos habi-  
tantes do territorio hespanol, o  
Estado lle priva o eive cultivo  
da sua propia lingua.

Buenos Aires, novembro de 1954.

## LIVROS

### "PRESENCIA DE GALICIA EN MEXICO"

Na cidade de México saeu do  
prelo "Presencia de Galicia en  
México" fermoso libro editado  
por Ediciones do Patronato da  
Cultura Galega, costeando a  
edición o cidadán galego radicado  
en México, don Rafael Lores.

O libro compone de trinta e  
cinco charlas ou conferenzas  
radiáis, en idiomas galego e  
casteán, pronunciadas por in-  
teleituais galegos i hespanois,  
sendo amañadas neste fermoso  
volume polo señor Xesús Do-  
pico e belamente ilustrado  
polo pintor galego Arturo Sou-  
to, e ademáis con un mapa do  
país galego.

Encol deste interesantísimo  
livro, énos doador transcribir a  
continuación, un anaco do co-  
mentario feito polo afamado  
crítico literario do xornal me-  
xicano "El Universal", Rafael  
Solana, que dis así:

"En la ciudad de México hay  
muchas colonias españolas  
algunas de ellas, muy prósperas.  
Hay la de los asturianos  
que han levantado un campo  
deportivo y sostenido un equipo  
de futbol; otro campo de-  
portivo que existió mucho tiem-  
po, y otro equipo de balonpié  
fueron del Real Club Español.  
Los vascos tienen un restaurante  
y a veces en el frontón,  
nos presentan a sus espata-

iol na UNESCO debe informárselle con tuda craridade que o  
respeto eo amor ao patrimonio  
cultural da humanidade é a lei  
ámagaa da UNECO é de que ista  
lei é incompatibelé con toda ati-  
vidade anticultural.

Todo povo tén o indeclinábel  
dereito colectivo a usar seu pro-  
prio idioma como ferramenta de  
cultura. Frente a isto, nós de-  
nunciamos com feitos concretos e  
indestructible que a lingua ga-  
lega xamais sufreu perante oito  
séculos de súa eisistencia literaria  
o grao de abouramento que ai-  
ntañamente padese. Isto sucede  
cando xa no mundo eisiste e fun-  
ciona a UNESCO. Mais nosou-  
tros non queremos que soceda sen  
que o coñeza a UNESCO. Afir-  
zamos que refugará a compri-  
dade moral do silenzio diante de  
feitos que tan brutalmente con-  
trallan seus propios fins e ideas.

Un derradeiro dato queremos  
engadir pra aquiles que teñan o  
xeito mental de medir a impor-  
tanza dos probremas culturais  
polas cifras estadísticas: a po-  
voación de Galiza, de Cataluña e  
do País Vascu suma máis de  
8.500.000 habitantes. Isto quiere  
decir, que a terceira parte da  
povoación total hespanola pade-  
ce a xenreira idiomática do Esta-  
do. A terceira parte dos habi-  
tantes do territorio hespanol, o  
Estado lle priva o eive cultivo  
da sua propia lingua.

Buenos Aires, novembro de 1954.

## ENCOL DO MOIMENTO A CASTELAO

O 27 do pasado outubro, celebrou-  
selección prenaria a Comisión Especial  
de monumento a Castelao na sede  
do Centro Galego de Bós Aires, ba-  
xo a presidencia do señor Xavier Vázquez Iglesias aituando de segredario  
o señor Abelardo Estevez.


Como é de nota, a devandita Co-  
misión está composta polo seguir-  
tes entidades: Centro Galego de Bós Aires, Centro Cor. fies, Centro Ourense, Centro Pontevedra, Centro  
Luzense, Federación de Soc. Galegas, Casa de Galicia, Hospital Ga-  
lego, Centro Galego de Avellaneda, Centro Betanzos, Centro Corcubión e Irmandade Galega.

Lego dun trocón d'opinións ei-  
postos polos representantes das en-  
tidades ali presentes chegouse ó  
seguinte acordo:

Realizar un concurso entre os es-  
cultores galegos con moradia en Ga-  
liza encol do "moimento a Castelao",  
por un custe até \$ 130.000 min.

Exxergar una Comisión-Xurado  
en Galiza de cinco membros para  
que orgaice e califique os proleitos.  
Por en circulación os boros des-  
tinados a cobrir os custos do con-  
curso e o custe do Moimento.

De común acorzo xa ficou estable-  
cido que o moimento a Castelao  
será emprazado no macro salón de  
columnas do Centro Galego de Bós Aires.



NA HESPAÑA, NUN AI TO SOLEMNISMO "A LA ES-

PAÑOLA", condecorouse coas medalas da Orde Imperial do Xu-  
go e as Flechas, aos xogadores que findan de gañarr o cam-  
peón mundial de hoey sobre patíns. Estes hespanois, decote-  
tan parvos. Falan d'Imperio e os coitados nin son donos da  
súa propia casa...

O MAMALON DE DON BRAULIO (BRADIS) COA TEL-  
ma da Hispanizar —asín o pronunzan os gachupins— quero  
meternos, aos galegos e americanos, na ridicula coelleira hes-  
panola, e o coitado, resólvea do xeito máis pavero. Pra e.,  
todo e custión de matiz: "Lo porteño, cubano, andaluz, corren-  
tino, gallego, hespano, en suma".

Nós, que non tomamos en serio as parvadas deste can-  
ciño de palleiro a sueldo de Falanxe, arrendámole a ganancia  
si se chegan a enterar os correntinos por aquelo do idioma...  
Añaj, añaj, curupatec, chei Braulio...

NO XORNAL MADRILEÑO "PUEBLO", AFIRMASE MOI

enfáiticamente que a vila do oso e o madroña é a capital euro-  
pea máis barata; onde por cinco pesetas, pódese comer dous  
pratos, pan e viño (???)...

Nos, os galegos, que temos d'abondo desenrolado o senso de  
humor —que é o que lle falla a estes bárbaros ostrogodos—  
engadimos, que ao conto dos dous pratos, pan e viño por cinco  
pesetas, fálalle un compimiento: sere doadamente servido por  
unha boa moza ben formadiña, cumprida e disposta...

Naturalmente que, por cinco fedorentas pesetas franqui-  
tas, non imos a pretender sere atendidos por unha Lollobrigida  
da madrilña en bikini... Hai que sere comprensivos, que porrás

COMO VINETA PERIODISTICA, OU SI QUEREDES,

como curiosidade encol da situación "democrática" da coleiti-  
vidade hespana nesta accoldeira cidade de Santa María do Bon  
Aire, aí vos vai integra, inteiriña, a moito honorabel Comisión  
gachupina encarregada d'amañar o fracasado antroido da His-  
panidade a efectuarse na simpática e tradizonal Avenida de Ma-  
yo porteña.

Señores Adolfo Velasco, do Centro Riojano Espanol; José  
Celis, do Centro Salamanca; Laurentino Alvaro, do Centro Bur-  
galés; José García Querol, de El Micalet; Antonio Ramírez  
do Club Andalucía; Felipe Alvarez Rozas, do Centro Región  
Leonesa; Benedicto Martín, do Centro Avila; Belarmino Abad,  
da Agrupación Asturias, e Juan Elizari, do Centro Navarra.

Como se pode apreciar, é este, un auténtico e representa-  
tivo comité hespanol, sin grupo como din os porteños, o que  
nos obriga —nós decote tan corteses cos nosos nemigos— a  
remesarlle ceibe de cargo aos "rabanitos" da Federeixón, un  
retrato de corpo inteiro dos seus compatriotas, en pose de Co-  
mité d'Unidade hespanola, pra que lle poñan marco...

DE NOVO, ANDASE A FALAR DA RECONSTRUCCION

do Mosteiro de Samos, que a desmedida cobiza do Abade Mi-  
trado de Samos o convirteu nun depósito de gasolina pra os  
seus manexos estraperlistas, motivo do pavoroso incendio que  
convirteu en cinzas o fermoso e antiguísimo mosteiro.

Pois ben. Segundo notizas chegadas da Terra, o mitrado  
de marras, xa leva papado 6.000 vigas de cemento e 170 me-  
tros cúbicos de madeira de carballo, porun valor de tres mi-  
llóns e meio de pesetas, einda pide máis, máis vigas de ce-  
mento e máis madeira de carballo pra o seu insaciabel bandullo  
de crego estraperista....

"SIEMPRE HEMOS CREIDO QUE PARA DEFENDER  
cualquier idioma, la mejor medida era escribirlo. Nos equivocamos. Pruebas al canto: en la revista "Criterio" aparece una  
nota "defendiendo" la lengua gallega y está escrita en cas-  
tellano!... O autor desta xenialidade é Don Braulio —quién  
podría ser sión ele — referindose ao artigo de Rodolfo Prada,  
contestando a Bartolomé Mostaza, publicado en "Criterio",  
prestixosa revista católica arxentina encol do debatido tema  
"El Idioma Prohibido" que con este tíduo acusador, inizou o  
destacado intelectual arxentino Francisco Luis Bernández.

Parés mentira, mais é certo. Certo, en razón de que o  
pavero de Don Braulio ao referirse ao idioma empregado por  
Rodolfo Prada no seu artigo, ele pensa, que "Criterio" é unha  
revista feita polos arredistas da Federación (i?)...

"EL PROBLEMA NACIONAL DE LOS PUEBLOS DE  
España" é un tíduo a toda plana no periódico "Galicia" con  
data 15 de novembro.

O autor? Ricardo Campos, "rabanito".

O que dis. Ren.

O que teima? Facer un frente hespanol cos gallegos (?).

E os hespanois? Forman no outro frente hespanol, no da  
Hispanidade.

E contra quen vai ese frente "hespanol" composto por  
galegos?

Contra a oligarquía e os terratenentes galegos, vascos e  
catalans, nemigos da liberdade nazional destes tres povos.

Pro é que en Galiza, Euzkadi e Cataluña hai terratenentes.  
Non, pro non importa.

**Nuñez, Alvarez & Cía.**

IMPORTACION

\*

MERCERIA EN XERAL

\*

T. E. 37-4653

MORENO 1217

# Repercusión na Arxentina da Persecución do Falanxismo o Idioma Galego

A persecución encerrada e sistemática que venen levando a diante as autoridades falanxistas contra o idioma galego fai vivir á Patria Galega un dos intres más dolorosos da persecución secular que o estado centralista español ten desenvolvido contra os galegos en todos os tempos.

Até agora a labor negativa do Estado Español limitábase a fazer que os galegos vivíramos en Galiza coase sin coñecela. Unha ensinanza ao servicio do centralismo mantén a lonxitude aos galegos de todo coñecemento da súa patria. Pasábamos pola escola primaria, pola ensinanza secundaria ou universitaria sin que nada se nos dixerá da súa cultura, da súa historia, da súa economía, da súa literatura... nunha coase da súa xeografía. Mantínase-nos a leos e descoñecedores das suas cualidades nacionais, das posibilidades inmensas dun axeitado deserto da nosa persoalidade específica ó povo diferenciado Procurábame, en fin, mantermos estranos ao noso propio ser, no desejo de que adoptáramos unha rota de vida alínea ás características enxebeiras de Galiza e das forzas que moldearon a través de séculos as modalidades da nosa vida e da persoalidade coetánica do novo galego.

En toda esta política persecutoria e anuladora da nosa persoalidade o estado centralista tivera sempre unha fronteira que non se atrevía nunca traspasar en forma descarada. Nevábaselle ao idioma galego categoría literaria, repudiábase o seu uso nos organismos oficiais procurábame en todo intento desacreditalo, pero até agora nunca se atreveran a pôr abertamente oustácos ao seu uso polo pobo. Foi mester que chegara o falanxismo con súa aición sanguinaria e criminal para que esa tremenda barbaridade se produxera. Un réxime cie escarnece, mata e suprime os homes, coida que tamén se pode suprimir un idioma con un útase salvaxe e inídio. Foi mester que un "pensador" falanxista esprimira os seus meos avermeiros para coidar que o idioma galego, expresión viva e enxebre dun pobo de varios millóns de persoas se pode suprimir con unha simple medida de goberno, por mui criminal que é a sexa.

Por obra e gracia de ese Xoán Aparicio, o doutrinario falanxista convertido nunha especie de Góebel hessiano de pacotilla, o idioma galego sofre hoxe unha persecución endexamais coñecida. Com o Director Nacional de Prensa proscribe o idioma galego de todos os diarios galegos, trabábase e impidece a aición de editoriais que publican libros en galego e chégase a prohibir o uso de galego na mesma Academia Galega, creada para o estudio e cultivo do noso idioma.

Dante tan brutal ataque a Galiza e diante tan icalificable insulto aos galegos, o noso povo está reaxendo varilmente, expresando o seu repudio en todos os países libres onde reside. A colectividades galegas de Bós Aires, de tan destacadísima a prol da Terra e do seu rexurdir, cabelle n-este entre un posto especial na loita en defensa do noso idioma, que ocupa rexia e varilmente, orgullosa como nunca de cumplir tan honrosa misión, como fillos fíos de es da Nai Terra. Pero como galegos temos ademais a grande satisfacción de ver que non estamos soios na loita. Prestixiosos intelectuais arxentinos e publicacións renomadas d'este país toman posición diante o problema da persecución do idioma galego e suman o seu xeneroso esforzo na protesta contra este insolito atropello a nosa cultura.

Entre estas manifestacións de solidaridade queremos destacar o gesto significativo da revista católica "Criterio", onde o escritor Francisco García Añeráns.

**A. Bermudez y Cía. S. R. L.**

IMPORTACION DE

TECIDOS — ENCAIXES — ETAMINAS — PUNTILLAS

\*

SALTA 273/75

T. E. 37-5818

